

**ANUNCIO****PROCESO SELECTIVO OFICIAL PAVIMENTADOR/A****ASUNTO.- RESULTADO TERCEIRO EXERCICIO-PROBA DE LINGUA GALEGA.**

Con data 23 de marzo de 2026, o órgano de selección do proceso selectivo dunha praza de oficial pavimentador/a, acordou por unanimidade o seguinte:

"2. TERCEIRO EXERCICIO: PROBA DE LINGUA GALEGA

De acordo co establecido nas bases específicas reguladoras do presente proceso selectivo (BOPPO núm. 179, do 13-09-2024), o terceiro exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio e consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

Entre a documentación achegada polos aspirantes que superaron o segundo exercicio consta presentados os seguintes títulos CELGA de lingua galega, do que resulta que están exentos da realización do terceiro exercicio, e a asignación da puntuación máxima de 2 puntos:

APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	PUNTUACIÓN
CARRERA FERREIRA	JOSE ANTONIO	***6122**	CELGA 4	2
VELOSO COSTAS	JESÚS	***9910**	CELGA 3	2

Á vista do exposto, o órgano de selección acorda por unanimidade:



**CONCELLO
DE VIGO**



**Órgano selección do proceso selectivo de oficial
pavimentador/a, oposición libre,
OEP 2020, 2021 e 2022, 2ª fase**

Primeiro.- Declarar excluídos da realización do terceiro exercicio aos candidatos que superaron o segundo exercicio, e asignarlles a puntuación máxima a cada un deles (2 puntos), á vista do establecido nas bases específicas reguladoras deste procedemento.

Segundo.- Proceder á publicación deste acordo con indicación do período de alegacións ou o réxime de recursos que procedan”.

ALEGACIÓNS: Concédese un prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación na web municipal/notificación aos interesados para a presentación de cantas alegacións ou reclamacións consideren oportunas respecto a este acordo.

O que se anuncia para xeral e público coñecemento.

Vigo, na data da sinatura dixital.
A secretaria do órgano de selección,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/03/2026 08:20	Páxina 2 de 2
46516-220	CSV: A5BFA3-56E537-DC4EA5-PRC8ZG-7EUEDV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		